

Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial para o día 30 de maio de 2025.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria de organización do 3 de agosto de 2023, durante o mandato 2023-2027 o Pleno debe realizar sesión ordinaria cunha periodicidade mensual.

Polo exposto, **DISPÓÑO:**

Convocar a sesión **ordinaria** do Pleno da Corporación Provincial, nos seguintes termos:

DÍA: 30 de maio de 2025

HORA: 10:00 horas en primeira convocatoria*

LUGAR: Salón de Plenos do Pazo Provincial

* Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario, segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente dous (2) días despois.

A orde do día da sesión será a seguinte:

1. 2025/5S/PLENO PRESIDENCIA

Aprobación da acta da sesión anterior correspondente á ordinaria do día 25 de abril de 2025.

2. 2025/14788H PRESIDENCIA

Adhesión da Deputación Provincial de Ourense á “Rede de Entidades Locais Gandeiro Cárnica”.

3. 2025/14302S PRESIDENCIA

Aprobación inicial da modificación da Ordenanza reguladora da Escola de Artes e Oficios da Deputación Provincial de Ourense

4. 2025/14312W PRESIDENCIA

Aprobación inicial da modificación da Ordenanza reguladora da Escola de Danza da Deputación Provincial de Ourense.

5. 2025/14318P PRESIDENCIA

Aprobación inicial da modificación da Ordenanza reguladora da Escola Provincial de Gaitas da Deputación Provincial de Ourense.

6. 2023/7725W PRESIDENCIA

Aprobación da cesión dun treito da estrada OU-0301 San Clodio (OU-211) - Cenlle (OU-0303), dende o p.q. 0+000 ata o p.q. 1+103, a favor do Concello de Leiro.

7. 2025/15541N PRESIDENCIA

Aprobación do expediente número 5/2025 de modificación das bases de execución do orzamento vixente da Deputación Provincial de Ourense.

8. 2024/14134N PRESIDENCIA

Aprobación inicial do orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento e a súa integración no orzamento xeral da Deputación Provincial, para o exercicio 2025.

9. 2025/15639H PRESIDENCIA

Moción conxunta do Grupo Popular, Grupo Socialista, BNG e Democracia Ourensana relativa á demanda ao Goberno de España, ADIF e RENFE en relación á estación "A Gudiña, Porta de Galicia".

10. 2025/15394A PRESIDENCIA

Moción do Grupo Socialista para o nomeamento urxente dun comité ético da Deputación de Ourense tras unha década sen funcionar.

11. 2025/14812L PRESIDENCIA

Moción do BNG para esixir da Xunta de Galicia accións de prevención e mitigación contra a previsible afectación á cabana gandeira ourensana da EHE (enfermidade

hemorrágica epizootica).

12. 2025/15337S PRESIDENCIA

Moción do Grupo Popular para instar ao Goberno de España a recoñecer, preservar e dotar orzamentariamente aos xulgados de paz.

13. 2025/14410P PRESIDENCIA

Moción de Democracia Ourensana para o apoio dos bares e tabernas en pequenos núcleos de poboación da provincia de Ourense.

14. 2025/15346R PRESIDENCIA

Moción do Grupo Socialista para o rexeitamento dos gastos de realización das probas de avaliación do Bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) no Concello da Rúa.

15. ASUNTOS DE URXENCIA.

16. COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

- Dación de conta do informe do resultado do control interno do exercicio 2024.
- Dación de conta do Plan anual de control financeiro do exercicio 2025.
- Dación de conta da relación de decretos do mes de abril de 2025.

17. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica desde documento. Dou fe.